



lanzadeiras

tema 3: habilidades

módulo 9

motivada



tema 3-habilidades

módulo 9

semana 3 | día 1

lanzadebras



lánzate á aventura de emprender

índice do módulo

ÍNDICE TEMÁTICO

semana 1 | identidade

semana 2 | persoas

semana 3 | habilidades

semana 4 | estratexia

semana 5 | mercadotecnia

semana 6 | creatividade

semana 7 | xestión

semana 8 | marca personal

semana 9 | comunicación

ÍNDICE MODULAR

módulo 9 | motiva

módulo 10 | convence

módulo 11 | negocia

módulo 12 | fideliza

ÍNDICE DO MÓDULO

resumo teórico | páxina 04

exemplo | páxina 08

videotutorial | páxina 09

GramolaEmprendedora



Escoita
Gladiator
BSO





tema 3-habilidades

módulo 9

semana 3 | día 1

lanzade bras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

Unha vez que definimos a constitución do noso equipo é hora de dotarlo de competencias transversais en habilidades básicas. A primeira: a motivación.

Moita xente cre que todas estas facultades son superfluas para a contorna corporativa. Nós, moi ao contrario, cremos que son cruciais; que son a alma da empresa; esa especie de ``don´´ que só algúns teñen e que outros atribúen a calidades naturais ou a golpes de sorte da deusa fortuna.

Motivar, din moitos, é unha tarefa complementaria non esencial. Algo ao que dedican tempo cando non temos outra competencia primordial na que investilo. Pero, Que adoita suceder naquelas empresas nas que se deixa de lado a motivación? Sucede que non son empresas felices, empresas obcecadas co perfeccionismo, obsesionadas coa mala sorte, infestadas de prexuízos, afeitas a unha ``política de orellas baixas´´, cheas de pánico ao erro e ás súas consecuencias e adversas á creatividade.

Trátase de empresas ansiosas, con medo ao descoñecido, permanentemente insatisfeitas e obsesionadas cun exceso de control. Como se sae deste estaticismo corporativo? Creando motivos para gozar cos pequenos logros, para cultivar as relacións persoais, para construír xuntos un horizonte e un futuro compartidos, para esbozar sorrisos, para manter acendida a chama da ilusión e para adquirir novos hábitos que propicien unha mellora das persoas do equipo e da empresa no seu





tema 3-habilidades

módulo 9

semana 3 | día 1

lanzadebras

15

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

conxunto. Non. Non é o mesmo traballar sen motivación que facelo con sorrisos, celebracións, vínculos, horizontes compartidos, ilusión e melloras.

Non. Non é o mesmo traballar sen motivación que compartir valores, experiencias, éxitos, talento e confianza. E pódese traballar sen recompensas. É certo. É a nosa obrigaón. Pero o ben que se traballa orientándose a un logro recompensado...!. Porque o importante é ter traballo. Pero, Que hai de malo en, ademais, acudir ao traballo sentindo o arraigamento de pertenza a un equipo que, acolléndoche desde a cortesía, o respecto, o liderado, a delegación, a escóita, o coñecemento compartido e a repartición do éxito faiche, ademais, sentirte orgulloso de traballar onde traballas?

Aquí reside boa parte da tarefa dun motivador. Motiva! Sexas xefe ou empregado nunca deixes de facelo. Pensa e ensina a pensar en positivo; aprende a mirar atrás sen quedarche atrás; visualiza sempre o teu traballo como unha meta real, posible e retadora; actívache desde xa, porque despois é tarde; aprende a amar o que fas e a gozar con iso e non deixes nunca de tentalo nin de competir sen ter medo a abandonar a túa zona de confort, sen crer en dogmas, sen facer caso á xente tóxica e seguindo sempre un rumbo definido.



tema 3-habilidades

módulo 9

semana 3 | día 1




lanzadétras

aprender do que outros fixeron con mestría

exemplo

MOTIVACIÓN

Mónica Mendoza ofrece múltiples pímulas de motivación no seu manual para o éxito comercial. E por iso que o usaremos como exemplo para ilustrar este módulo. Vender é unha profesión dura que require coñecer as técnicas de venda e controlar as emocións. Mendoza ofrece unhas pautas para traballar a motivación neste ámbito: esquecerse da perfección, ser optimista, dar o máximo, relativizar éxitos e fracasos, traballar a autoestima e o autocontrol... E todo sen esquecer que, como relata o saber popular, “Mens sana in corpore sano”.





lanzadebras

fotogramas que valen máis que mil verbas

videotutorial

CUESTIÓN DE ACTITUDE

<https://www.youtube.com/watch?v=NtyZxqg9Lxw>



O vídeo titulado “cuestión de actitude” exponnos a vida de dúas persoas con visións completamente distintas. Por unha banda temos a un mozo que ve as adversidades de forma negativa e derrotista. E doutra banda a unha moza con moita sorte que busca retos que superar.

Cando os dous se atopan, o primeiro descobre que as adversidades se poden superar tendo unha actitude positiva ante elas. Finalmente, nun momento de debilidade, a moza perde a esperanza e é el o que afronta a situación. Debemos aprender a ter unha actitude positiva, a deixar que nos axuden e a aprender dos demais.

www.lanzadeiras.com

